REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 26.10.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 26 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 33450 (10/POC-005220)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego en relación coas medidas destinadas ao fomento da innovación e o emprendemento nos centros educativos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018

1.2 37324 (10/POC-005909)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións previstas pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en relación coa situación do Espazo Emprende, as súas intencións referidas ao asentamento da Casa da Xuventude (Espazo Xove) de Ourense nun lugar diferente, así como a reactivación do seu Consello de Xestión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 363, do 27.09.2018

1.3 38175 (10/POC-006025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente en relación coa presunta destrución do castro do Monte da Trindade ou castro de Flores, situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, a consecuencia da actividade extractiva desenvolvida nunha canteira, así como as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 29099 (10/PNC-002304)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a rehabilitación da casa medieval da cidade de Lugo coñecida como

"hospital de San Miguel" para o Ano Santo 2021
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

2.2 36178 (10/PNC-002904)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa fenda de xénero nas carreiras STEM ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018

2.3 37776 (10/PNC-003033)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a dotación por parte do Goberno galego ao CEIP Manuel Fraga Iribarne do concello de Cariño do profesorado necesario para o desenvolvemento das medidas de atención á diversidade deseñadas polo Departamento de Orientación do centro para o curso 2018-2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar	P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera	P

Secretaria

Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 26.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 33450(10/POC-005220)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego en relación coas medidas destinadas ao fomento da innovación e o emprendemento nos centros educativos de Galicia

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 09:51
Nº Rexistro: 33450
Data envio: 16/07/2018 09:51:24.294

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz e **Martín Fernández Prado,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O espírito emprendedor é un dos motores principais da innovación, a competitividade e o crecemento da economía. Dende hai anos, observouse unha correlación positiva e sólida entre o fomento do espírito emprendedor e os resultados económicos en termos de crecemento, supervivencia de empresas, innovación, creación de emprego, cambio tecnolóxico e incremento da produtividade.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ten realizado unha aposta clara e firme pola implantación na comunidade educativa dos niveis non universitarios desta cultura do emprendemento, tan necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade dos galegos e das galegas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre as medidas articuladas nos últimos anos para o fomento da innovación e o emprendemento nos centros educativos de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 10/07/2018 12:45:05

Maria Antón Vilasánchez na data 10/07/2018 12:45:12

Teresa Egerique Mosquera na data 10/07/2018 12:45:18

Carlos Gómez Salgado na data 10/07/2018 12:45:26

Antonio Mouriño Villar na data 10/07/2018 12:45:33

María Isabel Novo Fariña na data 10/07/2018 12:45:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 09:51
Nº Rexistro: 33450
Data envio: 16/07/2018 09:51:24.294

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/07/2018 12:45:46

Martín Fernández Prado na data 10/07/2018 12:45:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 26.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 37324(10/POC-005909)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións previstas pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en relación coa situación do Espazo Emprende, as súas intencións referidas ao asentamento da Casa da Xuventude (Espazo Xove) de Ourense nun lugar diferente, así como a reactivación do seu Consello de Xestión

Publicación da iniciativa, 363, 27.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 18:23
Nº Rexistro: 37324
Data envio: 20/09/2018 18:23:37.620

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral** na **Comisión 4.ª.**

Mércores 4 de xullo de 2018 Ourense en Común e PSdeG alertan de que Xunta quere converter a Casa da Xuventude nun centro de iniciativas empresariais.
Levaron ao pleno municipal unha Moción conxunta para defender a súa identidade e autonomía.

A Moción presentada por PSdeG e Ourense en Común lembra que o Goberno de Jesús Vázquez "ten pendente dende hai tres anos dar cumprimento á Moción en defensa da Casa da Xuventude". En xullo de 2015 o pleno municipal de Ourense aprobou unha Moción presentada polo Grupo Municipal Socialista para municipalizar a xestión do espazo e recuperar o Consello de Xestión como modelo de goberno do centro, unha Moción nunca aplicada polo Goberno municipal do PP.

Na mesma Moción saliéntase que *a súa disolución de facto supuxo* ***a fin dun sistema único e pioneiro en toda España****, a fin de décadas de historia e a fin da escola de prácticas para que a mocidade practicara labores directivas e de produción nas artes escénicas, deportivas, de ocio e tempo libre, etc. A* ***mudanza no modelo de xestión****, tornando a modelos máis verticais e menos participativos, provocaron a infrautilización dunhas instalacións noutrora cheas de vida.*

Dende os anos 70 a Casa da Xuventude "foi exemplo e símbolo de creación cultural, tolerancia, democracia e participación" e que "existen na cidade dependencias de titularidade autonómica que poderían prestar apoio e asistencia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 18:23
Nº Rexistro: 37324
Data envio: 20/09/2018 18:23:37.620

a emprendedores, sen modificar os usos da Casa da Xuventude nin frustrar a súa necesaria autonomía".

Quere desmantelar definitivamente o PP un símbolo de creación cultural, tolerancia, democracia e participación? Son xa varias xeracións de mozos e mozas ourensás as que pasaron pola Casa da Xuventude, un espazo no que se desenvolveron actividades de impacto en toda Galicia, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Outono Fotográfico, o Maio Xove ou a Bienal de Caricatura.

Millán Brea quen presentou a súa tese de doutoramento centrada na Casa, salienta: "A Casa era un exercicio de liberdade, un fervedoiro de actividades, un espazo de socialización e de transformación social no día a día. Había moita política dentro, pero a política entendida como participación".

Tamén destaca: "A Casa da Xuventude está na base do que despois foi a Asociación Cultural Auriense, que a día de hoxe é un referente. Unha compañía de teatro da importancia de Sarabela tivo na Casa un grande apoio nos seus inicios. Manuel Precedo, hoxe presidente do Cineclube da cidade, tamén pasou pola Casa da Xuventude. Todo o mundo da banda deseñada en Ourense, David Rubín, o Outono Fotográfico..., a importancia da Casa da Xuventude é clara".

O 29 de xullo de 2018 anúnciase a desaparición do Outono Fotográfico, despois de 35 anos. Falamos do máis importante festival fotográfico de Galicia, un dos máis lonxevos da Península e o segundo de Europa, despois de Arles. A mostra creceu ano a ano e converteuse nun referente en toda Galicia, traspasando as fronteiras da cidade, con exposicións en 30 urbes e vilas de todo o país, e tamén en Barcelona, Chaves ou Porto. A de 2010 foi a derradeira edición dirixida por Benito Losada, tomando o relevo nos anos seguintes Xosé Lois Vázquez ou Vítor Nieves

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 18:23
Nº Rexistro: 37324
Data envio: 20/09/2018 18:23:37.620

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

No ano 2014 botou a andar a Plataforma en Defensa da Casa da Xuventude de Ourense, formada por usuarios e usuarias a título individual, por representantes de colexios profesionais, colectivos ecoloxistas, sindicatos estudantís e por formacións políticas. Nacía para reivindicar o valor de varias décadas de bo funcionamento dunha entidade que dende os anos setenta foi un motor para a cultura e o asociacionismo xuvenil na cidade, ademais dun exemplo de co-xestión a cargo dos propios usuarios e usuarias. E tamén para denunciar a xestión desenvolvida polo Goberno galego.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

a) Que vai facer a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, con respecto á situación do Espazo Emprende?

b) Situará nun lugar diferente á Casa da Xuventude de Ourense (Espazo Xove)?

c) Ten pensado a Consellería reactivar o Consello de Xestión

d) Cre que é importante favorecer o desenvolvemento cultural e social, mellorando as competencias de mozos e mozas?

e) Considera unha riqueza para a cidade, Galicia e o Estado manter actividades como as Xornadas de Banda Deseñada e o Outono Fotográfico?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 18:23
Nº Rexistro: 37324
Data envio: 20/09/2018 18:23:37.620

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2018 18:18:53

Luca Chao Pérez na data 20/09/2018 18:18:59

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 26.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 38175(10/POC-006025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente en relación coa presunta destrución do castro do Monte da Trindade ou castro de Flores, situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, a consecuencia da actividade extractiva desenvolvida nunha canteira, así como as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente arredor do Castro do Monte da Trinidade ou Castro das Flores entre os concellos de Mondoñedo e Lourenzá, e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Após unha denuncia presentada por Mariña Patrimonio e Adega, a Fiscalía de Medio Ambiente de Galiza investigará a presunta destrución dun xacemento arqueolóxico situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo.

O Castro do Monte da Trinidade ou Castro das Flores tería sido destruído por mor da actividade extractiva mineira que se desenvolve nunha canteira situada na zona, malia que o xacemento está incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza, goza de protección no Concello de Lourenzá desde 1995 e ficaba excluído desde o ano 2000 da concesión mineira outorgada polo Goberno.

Por se os feitos denunciados non fosen o suficientemente graves, Adega e Mariña Patrimonio aseguran –logo das pesquisas realizadas e da documentación recompilada—que a Xunta de Galiza podería ter amparado esa destrución a través do Servizo de Patrimonio da Consellaría de Cultura en Lugo.

E é que, en marzo de 2016, o arqueólogo de Patrimonio en Lugo emite un informe no que propón excluír do preinventario de Cultura o Castro das Flores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asegurando que logo dunha "prospección" realizada por el, non ve indicios de ningunha estrutura arqueolóxica nin restos que permitan caracterizar a existencia dun xacemento.

Cómpre lembrar que o arqueólogo municipal de Mondoñedo, Abel Vigo, documentou na súa tese doutoral dez anos antes (en 2006) que unha canteira "comera" case todo o terreo da zona norte do castro –segundo recolle o xornal *El País*; e en 2008 após unha denuncia presentada por un particular diante do Concello de Mondoñedo, o propio Vigo inspecciona a explotación e atopa restos arqueolóxicos como cerámica, ósos, metais e unha brosa votiva de bronce cun torques labrado no gume das que apenas existen media ducia de exemplares no noso país.

Ese ano (2008) o daquela alcalde do BNG no Concello de Mondoñedo, Orlando González, pon en coñecemento de Patrimonio a situación confirmando o arqueólogo da Xunta de Galiza que se trata dun espazo catalogado polas normas subsidiarias do PXOM de Lourenzá desde 1995 e que tamén está incluído no Catálogo da Consellaría de Cultura.

Desde o Bloque Nacionalista Galego perante toda a documentación aportada por Mariña Patrimonio e Adega consideramos totalmente inadmisíbel que, con todos estes datos, o arqueólogo do Servizo de Patrimonio de Lugo redixa un informe no que di, literalmente, que considera: "hai elementos de xuízo suficientes para propor a exclusión de ambos os dous elementos do preinventario" e mesmo insta o Concello de Mondoñedo a excluír do Plan Xeral de Ordenación Municipal o xacemento do Monte da Trinidade.

Desde 2017 Adega e Mariña Patrimonio presentaron denuncias diante da Consellaría de Industria e de Cultura sen que ningunha delas fose atendida.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o BNG todos os feitos denunciados son un exemplo máis do grao de desprotección que atinxe o patrimonio arqueolóxico en Galiza pois o Castro das Flores súmase ás numerosas denuncias que se veñen sucedendo arredor dos danos que a actividade industrial –nomeadamente mineira e madeireira, está a causar sobre bens patrimoniais de incalculábel valor, especialmente na provincia de Lugo.

Por todo o exposto con anterioridade formúlanse as seguintes preguntas para reposta oral en comisión:

- Tiña coñecemento a Xunta de Galiza da actividade mineira que estaba a desenvolverse no Castro das Flores? E dos prexuízos que isto causaba ao xacemento?

- Sabía o Goberno galego que o Servizo de Patrimonio de Lugo estaba a propor a retirada do xacemento do preinventario e do PXOM do Concello de Mondoñedo?

- En que estado se atopa actualmente o castro?

- Se, como denuncian Adega e Mariña Patrimonio, a actividade mineira supuxo a práctica destrución do xacemento, por que a Dirección Xeral de Patrimonio non protexeu debidamente este espazo catalogado?

- Por que non investigou a Xunta de Galiza as denuncias presentadas por Adega e Mariña Patrimonio?

- Como valora o Goberno galego a súa actuación ao longo deste tempo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas ou actuacións ten adoptado ou prevé adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2018 13:11:13

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2018 13:11:19

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2018 13:11:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2018 13:11:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2018 13:11:24

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2018 13:11:25

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 26.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 26.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 29099(10/PNC-002304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a rehabilitación da casa medieval da cidade de Lugo coñecida como "hospital de San Miguel" para o Ano Santo 2021

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 09:40
Nº Rexistro: 29099
Data envio: 10/04/2018 09:40:58.382

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e José Manuel Pérez Seco a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo posúe no barrio da Tinería de Lugo, unha casa de orixe medieval coñecida como Hospital de San Miguel. Atópase encostada á Muralla, Patrimonio da humanidade e no Camiño Primitivo que ostenta a mesma categoría.

O goberno presidido polo Sr. Touriño tiña o proxecto de facer nela un centro de estudos xacobeos dada a súa radicación no Camiño, pero este obxectivo foi abandonado polo goberno do PP. Esta casa medieval atópase nun estado de total abandono e preto da ruína, sendo perfectamente visible para todo o que pase pola muralla ou que faga o camiño.

Dentro de moi pouco tempo celebrarase un novo Ano Xacobeo para o que a Xunta de Galicia afirma que realizará multitude de obras e tomará medidas para que todos os camiños e o seu patrimonio presenten a mellor cara aos peregrinos, en cambio non parece que vaia a tomar ningunha medida cun ben propiedade da Sociedade do Xacobeo que está en total ruína. É paradoxal que os encargados de velar polo bo estado dos camiños e as rutas xacobeas manteñan un patrimonio en ruínas dentro do Camiño Primitivo

Cremos que é urxente rematar con esta situación. A Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo non pode seguir mantendo unha propiedade de gran valor histórico abandonada no interior dun dos camiños máis utilizados como é o Primitivo, que está declarado Patrimonio da

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 09:40
Nº Rexistro: 29099
Data envio: 10/04/2018 09:40:58.382

Humanidade e, aínda máis no cetro dunha cidade e na contorna doutros dous Patrimonios da Humanidade

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar de inmediato todos os trámites necesarios para proceder á rehabilitación da casa medieval, coñecida como Hospital de San Miguel, da cidade de Lugo, propiedade da Sociedade Anónima do Plan Xacobeo que se atopa encostada á Muralla de Lugo e no Camiño Primitivo que ten a mesma cualificación, de maneira que estea rehabilitada, polo menos, para o Ano Santo de 2021

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/04/2018 09:29:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/04/2018 09:30:11

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/04/2018 09:39:44

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/04/2018 09:40:01

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 26.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 36178(10/PNC-002904)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa fenda de xénero nas carreiras STEM ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas

Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 13:22
Nº Rexistro: 36178
Data envio: 07/09/2018 13:22:04.723

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª, sobre a fenda de xénero nas carreiras STEM.

Exposición de motivos

Na súa memoria do ano 2017, o Consello Económico e Social advirte de que, malia que as "mulleres galegas presentan uns mellores resultados que os homes en abandono educativo temperá, taxas de rendemento e de idoneidade, titulación universitaria e, en xeral, en practicamente todos os indicadores de rendemento educativo", continúa existindo unha notable fenda de xénero en termos de salarios e emprego. A isto contribúe o feito de que as rapazas continúan a ter unha presenza moi escasa nas carreiras STEM, isto é, nas carreiras vinculadas á ciencia, á tecnoloxía, á enxeñería e ás matemáticas, unha situación que limita de maneira significativa as súas aspiracións profesionais.

O informe *Descifrar as claves: a educación das nenas e mulleres en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas* elaborado pola UNESCO comeza cunhas palabras ao respecto que cómpre ter moi en conta: "Só 17 mulleres gañaron o Premio Nobel de física, química ou medicina dende que o fixera Marie Curie no ano 1903, o que contrasta cos 572 homes que o acadaron. Hoxe, só o 28% dos investigadores mundiais son mulleres. Semellante disparidade, semellante desigualdade profunda, non sucede por casualidade. Demasiadas rapazas son reprimidas pola discriminación, os prexuízos, as normas sociais e as expectativas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 13:22
Nº Rexistro: 36178
Data envio: 07/09/2018 13:22:04.723

acerca delas que inflúen na calidade da educación que reciben e nas materias que estudan".

Desta maneira, a desigualdade de xénero que persiste no acceso ás carreiras técnicas e científicas non é unha simple cuestión laboral, senón que atinxe aos propios dereitos humanos das mulleres. A igualdade de tódalas persoas esixe tamén a igualdade de oportunidades , incluíndo, claro está, a igualdade de acceso ao estudo e ao traballo en tódolos campos do coñecemento.

No caso de Galicia, a fenda de xénero en carreiras técnicas era de case o 25% no curso 2015/2016, un 11,9% máis que en 2004/2005, segundo os datos da Conferencia de Reitores Españoles (CRUE).

No curso 2015/2016, 2.987 mulleres cursaban carreiras técnicas, mentres que os homes ascendían a 7.769. O curso pasado a cousa non mudou moito. Das 2.174 persoas que iniciaron unha carreira de enxeñería, só 534 eran mulleres.

Por que sucede isto? Aínda hoxe, cando se discute a cuestión, repítese a escusa de que a fenda existe porque as mulleres obteñen peores resultados nas probas que involucran operacións matemáticas, pero isto é o síntoma, non a causa. As mulleres obteñen peores cualificacións nestes exames porque é o que se espera delas. Así o demostran numerosos estudos ao respecto. As expectativas negativas que depositamos nas mulleres afectan negativamente ao seu rendemento. Agora ben, en iguais circunstancias, rapaces e rapazas sacan as mesmas notas.

Consecuentemente, se pretendemos superar a fenda de xénero na educación, é preciso que eduquemos en igualdade, subliñando os referentes científicos femininos que poidan servir de inspiración ás nenas, non só nas escolas, senón

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 13:22
Nº Rexistro: 36178
Data envio: 07/09/2018 13:22:04.723

tamén nos medios de comunicación e no espazo público, xa que a formación das rapazas non se circunscribe só aos centros educativos.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver un programa contra a fenda de xénero científica que inclúa, cando menos:

a) unha campaña institucional de fomento das carreiras STEM nos centros de ensino primario e secundario.
b) encontros de científicas co alumnado dos centros de ensino primario e secundario co obxectivo de ofrecer exemplos reais de mulleres dedicadas á ciencia.
c) promoción do coñecemento de científicas pioneiras galegas mediante publicacións especializadas que podan servir de materiais de estudo así como exposicións de carácter máis divulgativo.
d) un programa de bolsas específico para mulleres que desenvolvan carreiras científicas

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2018 13:22
Nº Rexistro: 36178
Data envio: 07/09/2018 13:22:04.723

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/09/2018 13:18:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/09/2018 13:18:11

Paula Quinteiro Araújo na data 07/09/2018 13:18:17

Luis Villares Naveira na data 07/09/2018 13:18:24

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 26.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 37776(10/PNC-003033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a dotación por parte do Goberno galego ao CEIP Manuel Fraga Iribarne do concello de Cariño do profesorado necesario para o desenvolvemento das medidas de atención á diversidade deseñadas polo Departamento de Orientación do centro para o curso 2018-2019

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 11:58
Nº Rexistro: 37776
Data envio: 01/10/2018 11:58:57.230

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Segundo se ten trasladado este grupo parlamentario a ANPA do CEIP Manuel Fraga Iribarne do concello de Cariño, este, ao inicio deste curso 2018/2019, un máis dos afectados pola redución de profesorado sen xustificación, circunstancia que como ten repetido en moitas ocasión este grupo, contribúen á mingua da calidade educativa, sobre todo no ámbito da atención á diversidade; esa atención á diversidade que, en teoría e segundo declaran de forma continua os responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, sitúa Galicia no primeiro posto do Estado.

A realidade é que no caso do CEIP Manuel Fraga Iribarne do concello de Cariño, das dez aulas coas que conta hai alumnos en cinco delas que presentan necesidades educativas específicas con características singulares que fan que requiran unha maior atención; cinco alumnos en total, é dicir, un máis que no curso 2017/2018.

Por outro lado, este curso hai polo menos doce alumnos que precisan atención por parte dos especialistas en audición e linguaxe (dous máis están pendentes de completar a súa valoración). É dicir, teñen o mesmo ou maior número de alumnos que precisan ese tipo de intervención educativa que o curso pasado (no que había doce); a diferenza está en que este curso deben compartir o/a especialista en audición e linguaxe con outro centro, de modo que terá tres días no CEIP Manuel Fraga Iribarne mentres o curso pasado tiña horario completo, é dicir, estaba os cinco días.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 11:58
Nº Rexistro: 37776
Data envio: 01/10/2018 11:58:57.230

As explicacións que recibiu a ANPA do centro para xustificar esta redución foron, basicamente, as seguintes:

- Que os días de presenza do/a especialista en Audición e linguaxe son suficientes para atender as necesidades do alumnado do centro.

- Que o centro e o departamento de Orientación non saben xestionar recursos.

Como se ve, explicacións de todo punto ilóxicas posto que o curso pasado, co mesmo número de alumnos con necesidades específicas (ou menos), si existía eses recursos que agora se recortan.

Ante o exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dotar ao CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño do profesorado suficiente para levar a cabo as medidas de atención á diversidade identificadas e deseñadas polo departamento de orientación do centro para o curso 2018/2019.

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2018 11:45:48

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/10/2018 11:45:56

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/10/2018 11:46:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/10/2018 11:46:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es